

**CONTRATO MIXTO SUBMINISTRO-OBRA  
AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS  
TILOS. SB-1/2024.**

**Financiado por Vicepresidencia Primeira e  
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**

No día da data da sinatura dixital deste documento, e aos efectos da formalización do contrato arriba referenciado, **INTERVEÑEN**,

Dunha parte **D<sup>a</sup>. LUCÍA CALVO DE LA UZ**, DNI nº \*\*\*2720\*\*, alcaldesa do concello de Teo, na representación legal que lle confiren o artigo 21.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte **D. CARLOS PRESA LAMAZARES**, con DNI nº\*\*\*1364\*\* , actuando en representación da entidade **URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L.**, con CIF.-B44952430 e enderezo en no municipio de Lalín, rúa Avda. Xosé Cuíña, Nº 8, 4º D, provincia Pontevedra.

Ambas partes recoñécense competencia e capacidade suficiente para formalizar este contrato en base os seguintes

#### **ANTECEDENTES**

1º. Subvención concedida pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a Concellos de Galicia para o ano 2024 (PR486A), para **AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS**, cun orzamento con IVE que ascende a corenta e oito mil trescentos oitenta e sete euros con noventa céntimos de euro

(48.387,90 €), financiado na cantidade de trinta e tres mil oitocentos setenta e un euros con cincuenta e tres céntimos (33.871,53 €), con cargo á referida subvención.

2º. O expediente de contratación foi aprobado por Resolución da alcaldía 27 de xuño de 2024 (Res 799/2024), xunto co Prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexen o procedemento. Achegase unha copia dos Pregos como Anexo I.

3º. A Mesa de contratación en sesión de 09/08/2024 acorda requirir a entidade URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L, por ser a entidade licitadora que presenta a proposición máis vantaxosa, para que presente á documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas e proceda a constituír a garantía definitiva.

A entidade adjudicataria presenta a documentación requirida, e constitúe a garantía definitiva, por importe de 1.932,59 €, mediante aval inscrito en data 12 de agosto de 2024 no Rexistro Especial de Avais co número 56.146, Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S. G. R.), garantía que non será devolta ata que transcorra o prazo de garantía. Achegase unha copia como Anexo II.

4º. Por Resolución da alcaldía de núm. 1116/2024 de 10/09/2024, adjudícase o CONTRATO MIXTO SUBMINISTRO-OBRA AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS. SB-1/2024 á entidade URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., con CIF.-B44952430 e enderezo en no municipio de Lalín, rúa Avda. Xosé Cuíña, Nº 8, 4º D, provincia Pontevedra, ao tratarse da empresa licitadora non excluída que obtivo maior puntuación no procedemento e cuxa oferta é a seguinte:

- Oferta económica: 38.651,71 €+8.116,86 €= 46.768,57 €
- Prazo de entrega: 20 días dende a formalización do contrato (redución do prazo en 10 días)

Fíxase o prazo de execución do contrato en 20 (vinte) días, contados a partir do seguinte á sinatura do contrato, respectando en todo caso os prazos previstos no PCAP: deberá estar instalado e recepcionado antes do 20 de outubro de 2024.

Deberá cumprimentar todas as obrigas de publicidade previstas nos pregos.

Achégase unha copia do acordo como Anexo III e da oferta presentada como Anexo IV.

Á vista do exposto, na representación que ostentan, as partes acordan a formalización do presente contrato administrativo con subxección ás seguintes:

### CLÁUSULAS

**Primeira.-** D. CARLOS PRESA LAMAZARES, con DNI nº\*\*\*1364\*\* , actuando en representación da entidade **URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L.**, con CIF.-B44952430, comprométese á execución do contrato de CONTRATO MIXTO SUBMINISTRO-OBRA AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS. SB-1/2024, con suxeición aos Pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que figuran no expediente, e á súa oferta.

**Segunda.-** O prezo do contrato ascende a 46.768,71 €, IVE engadido, (38.651,71 €, mais 8.116,86 € de IVE), que será abonado ao contratista, con cargo a partida orzamentaria 171/619.00 do orzamento municipal vixente, logo da acta de entrega do subministro y previa presentación da correspondente factura segundo a cláusula 19.1 do PCAP.

**Terceira.-** O prazo de entrega do subministro, de acordo coa oferta do adxudicatario, realizarase nun prazo de 20 (vinte) días, contados a partir do seguinte á sinatura do contrato, respectando en todo caso os prazos previstos no PCAP: deberá estar instalado e recepcionado antes do 20 de outubro de 2024.

**Cuarta.-** O prazo de garantía será de un (1) ano dende a data de sinatura da acta de recepción, de acordo co establecido na cláusula 19.4 do Prego de cláusulas administrativas e de acordo ca oferta presentada.

Se durante o prazo de garantía se observasen defectos ou vicios ocultos no subministro o órgano de contratación terá dereito a reclamar a emenda dos mesmos.

**Quinta.-** Este contrato ten natureza administrativa, e as cuestións que xurdan sobre a interpretación, modificación e efectos do mesmo serán resoltas na xurisdición Contencioso Administrativa.

**Sexta** .- A sinatura do presente documento de formalización realizarase a través de sinatura electrónica mediante a plataforma TEdC, en cumprimento da obriga legal de utilización de medios electrónicos prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lido este documento, e en proba da súa conformidade, asinan dixitalmente ambas as dúas partes, do que, como secretaria, dou fe.

A alcaldesa,

O adxudicatario,

Lucía Calvo de la Uz

Carlos Presa Lamazares

A secretaria Xeral,

Virginia Fraga Díaz